

## **Composición tema 7, Bloque VII. A Restauración (retorno da monarquía e constitución de 1876).**

Os seguintes documentos permiten elaborar unha composición sobre a posta en marcha do réxime da restauración. Na túa redacción, tras unha debida contextualización dos documentos, debes tratar os seguintes aspectos: a fin da I República e o retorno da monarquía na figura de Alfonso XII, planeado por Cánovas e precipitado tralo pronunciamento de Martínez Campos (Doc. 1); As bases do sistema fixadas na Constitución de 1876 (Doc. 2) e o inicio da quenda pacífica co goberno reformista progresista do partido liberal e a integración no sistema doutras forzas minoritarias (Doc. 3). Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.

### **Doc. 1**

“Moi señor meu e de todo o meu respecto:

Cando reciba vostede esta iniciaría o movemento a favor de Alfonso XII. Cargo coa responsabilidade deste acto ao cal arrastro aos meus amigos; non teño dereito á protección do partido (...) Teño menos elementos de forza para o primeiro momento que hai mes e medio. A decisión que tomo hoxe debina tomar hai corenta e cinco días. Non me arroxo por amor propio, nin por despeito; fágoo porque vostedes aseguran que a opinión está feita.

A voz Alfonso XII, a paz, relixión e liberdade! levantará talvez este prostrado país, levaranos á conclusión da guerra civil e permitiranos acabar a separatista.

Teño o firme propósito de non aceptar nada, nin ascenso, nin título, nin remuneración algunha. Se consigo o meu obxecto, o poñer este país en vías de tranquilidade, a miña ambición queda satisfeita. Non hai de min a vostede antipatía política algunha. A diferenza entre vostede e eu estaba nos distintos modos de procedemento na cuestión do alzamento (...)”

Arsenio Martínez Campos, Carta a Cánovas xustificando o pronunciamento de Sagunto, 27 de decembro de 1874.

### **Doc. 2**

“Don Alfonso XII, pola Graza de Deus, rei constitucional de España; a todos os que as presentes viren e entenderen, sabede:

Que en unión e de acordo coas Cortes do reino, actualmente reunidas, viñemos en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía española (...):

Art.11. A relixión Católica, Apostólica e Romana é a do Estado. A nación obrígase a manter o culto e os seus ministros (...).

Art.18. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.

Art.19. As Cortes están formadas por dous corpos colexisladores iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados (...).

Art.50. A potestade de facer executar as leis reside no Rei (...)”.

Constitución de 1876

### **Doc. 3**

“Entramos nun novo período político. O Ministerio presidido por Cánovas prestara relevantes servizos, terminando a guerra civil en España e en Cuba. Pero non deu sabido coroar a orde acadada polos sacrificios de todos, coa liberdade de todos (...) O señor Sagasta (...) colgou a Lei de Imprenta no Museo Arqueolóxico das leis inútiles; abriu a Universidade a todas as ideas e a todas as escolas; deixou un amplo dereito de reunión (...) e entrou nun período tal de liberdades prácticas e tanxibles que non podemos envexar cousa algunha aos pobos máis liberais da terra. Nós, se sabemos manter a paz pública e a orde regular nas rúas e nos campos, nada, pero absolutamente nada podemos temer xa polas nosas liberdades. Ben é verdade que para todo isto era necesario cambiar a complexión revolucionaria da democracia española en complexión pacífica e legal. A esta obra consagreime desde 1874 (...)”

Emilio Castelar, “Discursos parlamentarios”, 1881.